


MIRADAS Á ARQUITECTURA POPULAR EN ESPAÑA

Colección fotográfica de Carlos Flores



Mabegondo (A Coruña, 1968)

A arquitectura popular en España é hoxe en día un patrimonio vivo pero vulnerable. É historia palpable de mans e mentes que modificaron paisaxes e modelaron hábitats con gran sensibilidade e pericia ao longo dos séculos. Un acervo cultural moitas veces deostado, relegado ao pintoresco, reducido ao rural, convertido en imperfecto, e poucas veces estudiado con mirada observadora, científica e holística.

A presente exposición apela ao respecto ambiental, á eficiencia enerxética e á defensa de tipoloxías constructivas, así como de trazados urbanos por e para o ser humano. Conceptualmente, a mostra non se concibe como un proxecto técnico e documental destinado a un público especializado, senón como un espazo de reflexión que poña de manifesto o carácter involutivo do suposto progreso, as maneiras habitacionais actuais, a recuperación de materiais e os cambios sociais que xeraron modificacións substanciais no concepto do lar. Para isto, emprégase unha selección de fotografías da colección de Carlos Flores (7.000 negativos aproximadamente) para xerar un discurso divulgativo que sexa pola súa vez aparato crítico.

A mostra compleméntase cun catálogo editado polo Museo Etnográfico de Castilla y León no que se recolle unha serie de textos e fotografías.

Museo Etnolóxico.Ribadavia

Rúa de Santiago, 10

Ata o 28 de febreiro de 2018

Horario: *Martes a venres : 10:00 h a 20:00 h*

Sábados e domingos: 11:00 a 14:30 h.

Festivos: pechado



Santo Domingo de Silos (Burgos, 1974)

Carlos Flores, (Cuenca, 1928): trasládase a Madrid onde obtén o título en arquitectura (1958) e posteriormente o grao de doutor (1965); a súa obra *Arquitectura Española Contemporánea* (1961) contribuíu á consolidación do *Movimento Moderno en España* e deulle o recoñecemento profesional dentro e fóra de España. En 1973 publica *Arquitectura Popular Española*, obra en cinco volumes na que ao lado dunha tese socioeconómica propia acerca da arquitectura tradicional, inclúe un extenso apartado gráfico que dende a mirada do arquitecto constitúe unha achega de necesaria consulta para o etnógrafo.

Nesta mostra producida polo Museo Etnográfico de Castilla y León temos a oportunidade de gozar dunha selección das fotografías feitas por Carlos Flores durante o seu traballo de campo.

Producción: Museo Etnográfico de Castilla y León

Comisariado: Ruth Domínguez Viñas; Ana Asensio Rodríguez e Emilio Ruiz Trueba



galicia

MUSEO ETNOLÓGICO
RIBADAVIA - Ourense

XUNTA
DE GALICIA

Colabora:

